**13(1126) PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE CONSUMIBLES INFORMÁTICOS ORIXINAIS E RECICLADOS PARA IMPRESORAS. EXPTE. 1429/113.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 26.08.05, conformado pola concelleira de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*Por acordo da Xunta de Goberno de 12-07-2004, se adjudicaron os lotes 1 e 2 do concurso para a subministración de consumibles informáticos orixinais (lote 1) e reciclados (lote 2) a Profinsa, Productos de Oficina e Informática, S.A.*

*Na cláusula II do prego de condicións que rexiu a contratación establecíase como prazo do contrato o de un ano dende o día seguinte a aquel no que se asine o contrato en documento administrativo (21-09-2004). En esta mesma cláusula prevíase a posibilidade de prorroga-lo contrato por unha anualidade máis previo acordo expreso do órgano de contratación.*

*O xefe do servizo de Informática propón a prorroga do contrato.*

*A vista das anteriores consideracións proponse a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:*

*Autorizar a prorroga para o periodo comprendido entre o 21-09-2005 ó 20-09-2006 do contrato para a execución da subministración de consumibles informáticos orixinais (lote 1) e reciclados (lote 2) adjudicado a Profinsa, Productos de Oficina e Informática, S.A. por acordo da Xunta de Goberno de 12-07-2004*

*O importe máximo da prorroga do contrato ascende a cantidade de 28.000 euros que se imputaran a partida 121.7.220.02.00*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(1127 DEVOLUCIÓN DE FIANZA A ALGALIA S. COOP. GALEGA CONSTITUÍDA PARA RESPONDER DO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN XUVENIL DO PARQUE DO CASTRO. EXPTE. 827/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da xefa do Servizo de Xuventude, do 15.07.05, o informe do interventor xeral do 09.08.05 e de acordo coa proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 31.08.05, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a Algalia, S.Coop. Galega, a fianza de 1.891,81 euros, constituídas para responder do desenvolvemento do programa de dinamización xuvenil do parque do Castro, servizo foi prestado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

**15(1128).- RECLAMACIÓN DE D. OSCAR GARCÍA CÓRCOBA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 15704/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 05.09.05, conformado pola xefa da Area de Réxime Interior, en relación co asunto de referencia, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Don Óscar García Corcoba presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, en nome e representación de don Antonio García Blanco, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 25 de xaneiro de 2003, solicitando a indemnización dos danos sufridos no vehículo Peugeot 306 matricula PO-7676-BP, ó pasar por enriba dunhas fochancas moi profundas, cando ,o día 9 de xaneiro de 2003, circulaba con el o Sr. García Corcoba, polo camiño do Portal.*

*A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Parte do servizo da Policía Local, de 09/01/2003, no que os axentes actuantes manifestan que o vehículo do reclamante presenta danos na llanta dianteira dereita, causados polo mal estado da calzada.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de 30/05/2003, manifestando que o 25/02/2003 procedeuse a reparación de dito vial.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de 03/07/2003, manifestando que as fochas profundas da calzada puideron ser causa dos danos reclamados.*
- *Informe do Parque Móbil, de data 08/06/2004, comunicando que os prezos contidos na factura nº 250 de Talleres Servigo, por un importe total IVE incluído de 180,31 euros son correctos e proporcionais á descripción dos danos.*
- *Informe da oficina técnica do Inventario Municipal, de data 25/11/2004, manifestando que o lugar do accidente, segundo a identificación do mesmo polo reclamante en plano da cartografía oficial, non consta grafiado como vial público.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de 10/12/2004, no que se manifesta que a dita unidade realiza regularmente o bacheado de dito camiño, polo perigo que representa.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 14/01/2005, e non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local, figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*De acordo co informe elaborado pola oficina técnica do Inventario Municipal, de data 25 de novembro de 2004, o vial no que ocorreu o accidente obxecto da presente reclamación non é de titularidade municipal. Dos informes elaborados polo servizo de Vías e Obras obrantes no expediente dedúcese que o Concello de Vigo non ten asumida competencia ningunha respecto ó mantemento e conservación da vía, se ben realiza puntualmente o bacheado da mesma polo perigo que representa, polo que temos que concluír que, dado que este Concello non é o titular da vía, carece de lexitimación pasiva no presente procedemento, e non é posíbel vincular o accidente ó funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público do mesmo.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Óscar García Corcoba, en nome e representación de don Antonio García Blanco, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non ser nin o titular da vía onde ocorreu o sinistro, nin ter asumido título competencial ningún respecto ó mantemento e conservación da mesma”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

### **16(1129) RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. ROSA MARÍA STORS COSTA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16413/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 02.09.05, conformado pola xefa da Area de Réxime Interior, en relación co asunto de referencia, que di o seguinte:

*Don Rosa María Stors Costa presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de xullo de 2003, solicitando unha indemnización polos danos e perdas que lle ocasionou a realización de obras para a instalación dun Centro de Transformación para distribución de enerxía eléctrica diante do seu establecemento denominado QRM-Querome, sito na rúa Joaquín Yáñez nº1, o cal permaneceu tapado á vista dos transeuntes e posíbeis clientes durante a realización das mencionadas obras.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 21/01/2004, manifestando que se realizaban obras de canalización para Unión Fenosa. Aínda tendo presentes as molestias das obras, esta estivo en todo*

*momento valada e delimitada, deixando libres máis de 5m<sup>2</sup> ata a fachada do edificio. As obras na praza de Joaquín Yañez comenzaron o 24 /06/2003 e remataron o 09/08 do mesmo ano.*

- *Proba testifical, en data 29/03/2005, ás testemuñas popostas pola reclamante.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 12/04/2005.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común :*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Procede, en consecuencia, en primeiro lugar analizar a proba practicada para determinar se existiu dano avaliábel economicamente, é dicir, se a reclamante sufriu un prexuízo patrimonial e se o mesmo é consecuencia de obras levadas a cabo por esta Administración.*

*A Sra. Stors reclama polas perdas sufridas durante os 35 días laborábeis que duraron as obras unha cantidade de 458,26 euros por día, cantidade resultante de calcular a media aritmética entre o día de maior venta e o de menor, o que fai unha indemnización de 16.039,10 euros. No entanto, non xustifica documentalmente estes datos nin especifica a que período corresponden os días de maior e menor venta: se ó mesmo período do ano anterior, ou ó ano en curso ou ó mes anterior ó de inicio das obras. Tampouco a práctica da proba testifical ás testemuñas propostas pola reclamante aclara este extremo, pois ningunha das testemuñas coñecía a contabilidade do negocio nin puido cuantificar o lucro cesante do mesmo.*

*Tampouco se establece unha relación de causalidade entre as supostas perdas económicas e a realización das obras por canto ambas as dúas testemuñas declaran que as obras non impedían ó acceso o establecemento e aínda que unha delas manifesta que o negocio experimentou “una disminución considerable de la clientela porque la gente entre las vallas y el ruido se desviaban a la plaza de la Constitución”, trátase dunha simple apreciación persoal, sen dato ningún que a avale.*

*Por outra banda as obras eran realizadas por Unión Fenosa, empresa allea a este Concello, o que, no seu caso, impediría vincular os supostos danos ó funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público deste Concello.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Rosa María Stors Costa por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade dos danos, ó non resultaren probados nin os danos nin o nexos de causalidade entre os supostos danos e o funcionamento de algún servizo público deste Concello ”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

**17(1130) RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D<sup>a</sup>. CARMEN SOTO COBIÁN CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 115/243. ESTIMADO.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 01.09.05, conformado pola xefa da Area de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Dona Carmen Soto Cobián, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 03 de agosto de 2005, interpón recurso de reposición contra a Resolución da Xunta de Goberno Local de 27 de xuño do mesmo ano, que lle foi notificada o 26 de xullo, e na que se desestima a súa reclamación de responsabilidade patrimonial, presentada en data 22 de marzo de 2004 polos danos sufridos como consecuencia dunha caída o día 15 de marzo de 2004, por non corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público.*

*Dona Carmen Soto Cobián alega no seu escrito de recurso que a citada resolución vulnera os seus dereitos fundamentais de defensa e á tutela xudicial efectiva, consagrados no artigo 24 da Constitución Española, dado que non se practicou proba testifical ás testemuñas presenciais dos feitos. Alega, así mesmo que existe un erro na identificación do lugar onde ocorreu a caída, polo que achega novas fotografías do mesmo.*

*Respecto ás alegacións da recorrente, hai que manifestar que non se vulnerou o seu dereito á tutela xudicial efectiva xa que non se trata dun proceso xudicial, senón dun procedemento administrativo e contra a resolución recaída no mesmo ten a posibilidade de interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante a xurisdicción competente. Dada a defectuosa identificación do lugar do accidente no informe do servizo de Vías e Obras que obra no expediente, de data 19 de novembro de 2004, no que se sinala que a caída ocorreu na calzada, lugar non apto para a circulación de peóns e tendo en conta que consonte o disposto polo artigo 121 do Real Decreto 1428/2003, que aproba o Regulamento xeral de Circulación “os peóns están obrigados a transitar pola zona peonil, salvo cando esta non exista ou non sexa practicábel”, o instrutor considerou que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal, enervando a responsabilidade da Administración, polo que non se estimou necesario practicar a proba testifical. Non obstante, unha vez posto de manifesto o erro, parece preciso retrotraer o procedemento e practicar a devandita proba testifical.*

*Consonte o artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Admnsitrativo Común “os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os dictou”, polo que resulta competente para resolver o presente recurso a Xunta de Goberno local.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:*

*“1º.- Estimar o Recurso de Reposición interposto por dona Carmen Soto Cobián, en data 03 de agosto de 2005, deixando sen efecto o acordo adoptado por este órgano en data 27 de xuño de 2005, que desestimaba a súa reclamación de responsabilidade patrimonial.*

2º.- *Retrotraer as actuacións ó momento anterior á proposta de resolución do expediente, continuando a tramitación do mesmo e procedendo á práctica da proba testifical proposta.*”

### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

### **18(1131) RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. JOSEFA PEREIRA DÁVILA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 229/243. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 30.08.05, conformado pola xefa da Area de Réxime Interior, en relación co asunto de referencia, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dona Josefa Pereira Davila presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 21 de xuño de 2004, no que expón que o 16 de xuño do mesmo ano, ás 13:10 horas, camiñando pola rúa Coutadas, a altura do nº 75, ó tropezar cunhas lousetas da beirarrúa que se atopaban rotas caeu e como consecuencia da caída lesionouse unha perna.*

*A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Parte do servizo da Policía Local, de 16/06/2004, no que os axentes actuantes informan de que acoden ó lugar dos feitos a instancias do marido da reclamante, e limítanse a recoller as manifestacións deste.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de 13/10/2004, manifestando que a zona en mal estado é visíbel a longa distancia e é evitabel gardando a dilixencia debida.*
- *Proba testifical, en data 25/01/2005, á testemuña proposta pola reclamante.*
- *Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, en data 28/02/2005 que cuantifica os mesmos en 1.057,71 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante en 10/03/2005, e non formula alegacións.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común:*

- a) *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) *Que non sexa produto de forza maior.*



*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.*

*No presente suposto, constátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa. Tal circunstancia entraña un risco especial para os viandantes, aínda que non é un defecto oculto, xa que no escalón faltan varias lousetas, mais dado o desnivel da beirarrúa, ó baixar o escalón o desperfecto non é visíbel aínda empregando a dilixencia esixíbel como concreción da regra do control da propia deambulación, así desprendese das declaracións da testemuña.*

*A reclamante, en escrito dirixido a este Concello, con data de entrada no Rexistro Xeral de 25 de xaneiro de 2005, presenta avaliación detallada dos danos que reclama, que ascenden a 723,68 euros.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Josefa Pereira Davila, e indemnizála coa cantidade de 723, 68 euros”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

### **19(1132) RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> ISABEL CURRAS CAMPOS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 187/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 5.09.05, conformado pola xefa da Area de Réxime Interior, en relación co asunto de referencia, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dona María Isabel Curras Campos presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de maio de 2004, no que expón que o día 1 de marzo de*

2003, ás 11:45 horas, camiñando pola rúa Arenal, á altura do nº 68, meteu o pé nunha focha que había na rúa a consecuencia da falta dunhas lousetas, o que lle ocasionou diversas lesións, obxecto da presente reclamación.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 29/06/2004, no que se establece que a orixe do desperfecto é unha acometida de Aqualia sen reparar.
- Informe da Policía Local, de data 06/09/2004, manifestando que nesa Xefatura non teñen constancia dos feitos acaecidos.
- Proba testifical, en data 24/11/2004, a testemuña proposta pola reclamante.
- Informe de Seragua S.A. (agora Aqualia-FCC, S.A), empresa concesionaria do servizo público de abastecemento de auga e saneamento, de 29/11/2004, efectyando as seguintes alegacións:
  - Non existe constancia nos seus arquivos de ningunha deficiencia nos elementos da rede situados na rúa Areal, á altura do nº 68.
  - Tampouco figura actuación ningunha de persoal desta empresa na mencionada zona, na data sinalada pola reclamante.
  - Revisado o lugar do accidente, comprobouse que os elementos correspondentes a rede de abastecemento de auga e saneamento están ben instalados e en perfectas condicións para o seu correcto funcionamento.
  - Na fotografía obrante no presente expediente observase a ausencia de lousetas na beirarrúa, nas proximidades dun rexistro de acometida, polo que conclúen que a causa da caída foi a inexistencia de lousetas.
- Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, de 10/01/2005, que cuantifica os mesmos en 7.461,78 euros.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de 16/05/2005, no que expón que entre as reparacións que servizo de Vías e Obras realizou nas beirarrúas da cidade non figura a rúa Areal nº 68. No lugar aprecíase que o trazado de reposición da louseta coincide coa acometida de abastecemento de auga e o caixetín ou arqueta da acometida non está en boas condicións. Por tal motivo, existe a posibilidade de que a reposición mencionada fose executada por Aqualia.
- Evacúase trámite de audiencia a Aqualia-FCC, S.A, en 18/07/2005, que se reitera no seu anterior informe.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante en 12/07/2005, que non formula alegacións.

*Fundamentos de dereito:*

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciabeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.*

*No presente suposto, conséntase no expediente o mal estado da beirarrúa, pero dadas as dimensións do burato este é perfectamente visíbel. E se engadimos o dato de que a vítima é unha persoa de mediana idade carente de defectos físicos que lle puidesen impedir ou dificultar a detección do mencionado obstáculo podemos concluír que a negligencia da vítima interfiriu no nexo causal, impedindo vincular ó funcionamento do servizo público o dano padecido.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona María Isabel Curras Campos por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

### **20(1133) SOLICITUDE DE REINGRESO NO SERVICIO ACTIVO DO FUNCIONARIO DE ADMÓN. ESPECIAL D. RAMÓN FERNÁNDEZ-LINARES BOUZA. EXPTE. 15963/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de organización do 31.08.05, sobre o asunto de referencia, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*A medio de instancia de data 26 de agosto ppdo., D. Ramón Fernández-Linares Bouza, con núm. persoal 78253, técnico superior de administración especial con posto de traballo no servizo de Seguridade e Mobilidade –código 210- e con posto de traballo de Enxeñeiro Industrial –código 281- de igual denominación, solicita o seu reingreso ó*

servicio activo provinte da situación de servicios especiais a partir da mesma data, por cesar como delegado provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, con efectos do mesmo día 26 de agosto, segundo decreto 399/2005, do día anterior, 25 de agosto, e publicado no DOG o 26 seguinte.

Dos datos obrantes na Unidade de Persoal, resulta que o interesado foi declarado en situación de servicios especiais con data 18 de xaneiro de 2002, como consecuencia do mentado nomeamento, situación que se mantivo ata o día 26 de agosto ppdo.

O art. 140 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, establece que as situacións dos funcionarios de carreira da administración local, regularanse pola normativa básica estatal e pola lexislación da respectiva Comunidade Autónoma e supletoriamente pola lexislación dos funcionarios dda Administración do Estado, representada neste caso polo Real Decreto 365/1995, de 10 de marzo, que no seu art. 9 sinala que quen perda a condición en virtude da cal foran declarados na situación de servicios especiais, deberán solicitar o reingreso ó servicio activo no prazo dun mes, declarándoseles, de non facelo, en situación de excedencia voluntaria por interese particular. O reingreso terá efectos económicos e administrativos dende a data de solicitude do mesmo cando exista dereito á reserva de posto, como é o presente caso.

Por todo o exposto, propón á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“Declarar a D. Ramón Fernández-Linares Bouza, con núm. persoal 78253, en situación de servicio activo no concello de Vigo, no servicio de Seguridade e Mobilidade –cód. 210-, posto de Enxeñeiro Industrial, cód. 281, de igual denominación, con efectos do día 26 de Agosto ppdo.”

Do presente acordo deberá darse conta á Intervención Xeral, Unidade de Persoal e Xefe da Área de Seguridade e Mobilidade.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(1134) PROPOSTA DE CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS E POLO PERÍODO DE 3 MESES, DE 3 AUXILIARES ADMINISTRATIVOS. EXPTE. 15960/220.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 30.08.05, que di o seguinte:

#### *Antecedentes.*

Considerando as implicacións ambientais que ven demostrando ter o funcionamento das Estacións Depuradoras de Augas Residuais do Lagares e de Teis coa alarma social creada nos últimos tempos e, vistas as condicións do “Prego de condicións económico-administrativas que rexiron no curso para a concesión da xestión integran do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo”, o Alcalde acetal en data 5 de agosto de 2005 dictou Resolución pola que se constitúe unha comisión técnica de seguimento ambiental das referidas estacións ambientais, baixo a dirección do concelleiro-delegado de Medio Ambiente, así como a designación de coordinadores e técnico responsable do seguimento da mesma.

*No referido Decreto contéplase dotar a Comisión, entre outros, de dós auxiliares administrativos, para o normal funcionamento da mesma.*

*O Concelleiro delegado da área de xestión municipal, mediante instrucción de servicio de data 29 de agosto, autorizou a referida contratación, ordeando a Unidade de Persoal a tramitación do correspondente expediente.*

*Con data 10 de agosto de 2005, o xefe da área de contratación coa conformidade do concelleiro da área de xestión municipal solicita a adscripción urxente dun auxiliar administrativo polo volume de traballo que acumula nestes intreos o servicio de contratación, os efectos de axilizar a tramitación dos expedientes.*

*Nas Bases da derradeira oferta de emprego público correspondente ó ano 2002 (BOP de 5 de maio de 2003), recentemente executada, preveíase expresamente na Base xeral “outras disposicións comúns”, a posibilidade de confeccionar unha lista de substitucións cos aspirantes que, non superando a oposición, tivesen aprobado os distintos exercicios de que constou aquela.*

*Por resolución da Alcaldía-Presidencia, de data 12 de febreiro de 2004, en execución do acordo da Xunta de Goberno Local, de 9 de febreiro anterior, resolveuse o nomeamento interino de sete auxiliares de administración xeral, polo que neste intre a referida lista atópase esgotada, o igual que as listas de persoal auxiliar de carácter temporal realizadas ata a data.*

*Consecuentemente, resulta preciso artellar un proceso de cubrición áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización das contratacións laborais propostas.*

*Fundamentos legais.*

*De conformidade co disposto no artigo 9.2 da lei 4/88, de 26 de maio da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.*

*Nembargantes, e consonte ó parágrafo 3º do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.*

*Ó aveiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servicio da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.*

*O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, isto e, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público.*

*Nembargantes, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso en todo caso cos principios de mérito e capacidade, tal e como dispón o artigo 35 do RD 364/95 .*

*Por esta razón, o artigo 249.1 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral será con carácter xeral o concurso, excepto nos casos de urxencia.*

*Asi mesmo, lei 56/03, de 16 de decembro, de emprego, configura ós servicios autonómicos de emprego, como un servicio público e gratuito, que terá como funcións, axudar ós traballadores ó encontro de emprego e ás empresas á contratación dos mesmos, todo elo a través dunha selección obxectiva daqueles candidatos que figuren inscritos no rexistro de ofertas de emprego.*

*A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas-, esta definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.*

*Entendese, por outra banda, amparada ésta contratación ó aveiro do disposto no artigo 20.2 da lei 2/2004, de 29 de decembro, de presupostos xerais do Estado para o ano 2005, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servicio de recepción obrigatoria como a que nos ocupa.*

*Por todo elo, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local dicte a seguinte proposta de Resolución...”*

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Consta no expediente informe do técnico de Intervención Xeral, do 2.09.05, conformado polo interventor xeral accidental.

### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Solicitar do Servicio Galego de Colocación oferta xenérica de tres auxiliares administrativos/as, para que sexan remitidos vinte candidatos/as que resposten ás seguintes características:

Titulación esixida: Graduado Escolar, FP-1 rama administrativa ou equivalente, sendo indispensable, posuir coñecementos de ofimática (Microsoft Office).

2º.- Que por una comisión de valoración composta polo concelleiro-delegado de Persoal ou concelleiro en quen delegue –que actuará como Presidente-, un administrativo ou auxiliar de administración xeral do concello, un/unha funcionario/a municipal designado polo Comité de Persoal (encadrado nunha praza de nivel de titulación, cando menos, igual que a do posto a desempeñar) e o Xefe da Unidade de Persoal ou técnico/a en quen delegue –que actuará como secretario-, propoña tres candidatos/as, co obxecto de formaliza-la contratación.

A tales efectos, o proceso de selección constará dunha proba práctica sobre coñecementos de ofimática (Microsoft Office), que se avaliará de cero a dez puntos, tendo esta proba carácter excluinte se o/a candidato/a non obten un mínimo de cinco puntos.

A Comisión propondrá para a contratación ós/ás tres candidatos/as que resulten seleccionados por orde de puntuación.

3º.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos correspondentes contratos ós candidatos/as propostos pola citada Comisión, sendo éstos/as contratados/as baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

**22(1135) PROPOSTA DE CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS E POLO PERÍODO DE 3 MESES, DE DOUS INSPECTORES PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE. EXPTE. 15959/220.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 30.08.05, que di o seguinte:

*Antecedentes.*

*Considerando as implicacións ambientais que ven demostrando ter o funcionamento das Estacións Depuradoras de Augas Residuais do Lagares e de Teis coa alarma social creada nos últimos tempos e, vistas as condicións do “Prego de condicións económico-administrativas que rexiron no curso para a concesión da xestión integran do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo”, o Alcalde acetal en data 5 de agosto de 2005 dictou Resolución pola que se constitúe unha comisión técnica de seguimento ambiental das referidas estacións ambientais, baixo a dirección do concelleiro-delegado de Medio Ambiente, así como a designación de coordinadores e técnico responsable do seguimento da mesma.*

*No referido Decreto contéplase dotar a Comisión de dous auxiliares administrativos e de dous inspectores de Medio Ambiente, para o normal funcionamento da mesma.*

*O Concelleiro delegado da área de xestión municipal, mediante instrucción de servizo de data 29 de agosto, autorizou a referida contratación, ordeando a Unidade de Persoal a tramitación do correspondente expediente.*

*En consecuencia, resulta preciso artellar un proceso de cubrición áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización das contratacións laborais propostas.*

*Fundamentos legais.*

*De conformidade co disposto no artigo 9.2 da lei 4/88, de 26 de maio da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.*

*Nembargantes, e consonte ó parágrafo 3º do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.*

*Ó aveiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.*

*O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, esto e, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público.*

*Nembargantes, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso en todo caso cos principios de mérito e capacidade, tal e como dispón o artigo 35 do RD 364/95 .*

*Por esta razón, o artigo 249.1 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral será con carácter xeral o concurso, excepto nos casos de urxencia.*

*Así mesmo, lei 56/03, de 16 de decembro, de emprego, configura ós servizos autonómicos de emprego, como un servizo público e gratuito, que terá como funcións, axudar ós traballadores ó encontro de emprego e ás empresas á contratación dos mesmos, todo elo a través dunha selección obxectiva daqueles candidatos que figuren inscritos no rexistro de ofertas de emprego.*

*A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas-, esta definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.*

*Entendese, por outra banda, amparada ésta contratación ó aveiro do disposto no artigo 20.2 da lei 2/2004, de presupostos xerais do Estado para o ano 2005, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servizo de recepción obrigatoria como a que nos ocupa.*

*Por todo elo, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local dicte a seguinte proposta de Resolución:..”*

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.



Consta no expediente informe do técnico de Intervención Xeral, do 2.09.05, conformado polo interventor xeral accidental.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Autoriza-la contratación por un periodo de tres meses, prorrogable por outros tres, de dous inspectores de medio ambiente, baixo a modalidade contractual –contrato por acumulación de tarefas-.

2º.- Solicitar do Servicio Galego de Colocación unha oferta xenérica para que sexan remitidos doce candidatos/as que resposten ás seguintes características:

Titulación esixida: Formación Profesional II grao, rama saúde ambiental ou análise e control, e contar con experiencia acreditada en tarefas de inspección.

3º.- Que por una comisión de valoración composta polo concelleiro-delegado de Persoal ou concelleiro en quen delegue –que actuará como Presidente-, o técnico supervisor de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo ou técnico en quen delegue, un/unha representante designado polo Comité de Persoal e o Xefe da Unidade de Persoal ou técnico en quen delegue –que actuará como secretario-, propoña dous candidatos/as co obxecto de formaliza-la contratación.

A tales efectos, o proceso de selección constará dunha proba práctica sobre coñecementos das tarefas propias do posto de traballo, que se avaliará de cero a dez puntos, tendo esta proba carácter excluinte se o/a candidato/a non obten un mínimo de cinco puntos.

A comisión propondrá para a contratación ós/ás candidatos/as que resulten seleccionados por orde de puntuación.

4º.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos correspondentes contratos ós candidatos/as propostos pola citada Comisión, sendo éstos/as contratados/as baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

**23(1136) CONTRATACIÓN, POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO, DUNHA TRABALLADORA SOCIAL PARA A OFICINA DE ATENCIÓN A INMIGRANTES E EMIGRANTES RETORNADOS DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 12910/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 7.09.05, que di o seguinte:

*A concelleira-delegada da área de Participación Cidadá, con data 29 de agosto ppdo., ordeou a incoación de expediente para substituír á Diplomada en Traballo Social Dª Mª Jesús Lago Vilaboa, contratada para a oficina municipal de atención a inmigrantes e emigrantes retornados, toda vez que a Sra. Lago Vilaboa foi nomeada por decreto 360/2005, da Xunta de Galicia, de 18 de agosto do ano que andamos, Secretaria Xeral do Benestar Social.*

*Requerido informe da unidade de Persoal e vista a instrucción de servicio da Sra. Alcaldesa-Presidenta da data de hoxe, 7 de setembro, o técnico que subscribe informa o seguinte:*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do día 30 de decembro de 2004 –que se achega ó expediente–, acordou a contratación, entre outros, de Dª Mª Jesús Lago Vilaboa como Diplomada en Traballo Social, dende o 10 de xaneiro ó 31 de decembro de 2005, período de vixencia do convenio de colaboración entre a Consellería de Emigración e o concello de Vigo, para a oficina de información ós inmigrantes e emigrantes retornados, mediante un contrato de obra ou servicio determinado.*

*Dito expediente foi tramitado pola oficina de Benestar Social, a proposta dos seus técnicos, intervindo únicamente esta Unidade de Persoal na formalización dos contratos, alta na seguridade social e demais trámites necesarios para facer efectivo o mencionado acordo, no que figura unha lista de substitucións xenerada no propio proceso de selección, para cubrir as posibles baixas ou a necesidade de incremento de persoal durante a vixencia deste acordo, figurando como primeira suplente, Dª Silvia Rodríguez Fontán que, unha vez requerida polo departamento de Benestar Social, aceptou a posible contratación ata o 31 de decembro de 2005.*

*Faise constar que no expediente figura a existencia de consignación orzamentaria por parte da Intervención Xeral, segundo documento de modificación de crédito 3/05, de data 12 de xaneiro de 2005.*

*En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Contratar, por obra ou servicio determinado, como Diplomada en Traballo Social, a Dª Silvia Rodríguez Fontán, NIF 40.082.045-S, polo período comprendido entre o 13 de setembro e 31 de decembro de 2005 – data ésta última de remate do convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Emigración e o Concello de Vigo- , para a oficina de atención a inmigrantes e emigrantes retornados, dependente do servicio de Benestar Social, código 301.*

*Segundo.- Percibirá como retribucións as establecidas para a súa categoría profesional como técnicos xestores, de conformidade co establecido no “Acordo marco de regulación das condicións socio-laborais das contratacións realizadas no plan municipal de emprego 2004-2005 (BOP de 9 de abril de 2004).”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**24(1137) BASES PARA CUBRIR, CON CARÁCTER INTERINO, DÚAS PRAZAS DE AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL VACANTES NO CADRO DE PERSOAL. EXPTE. 15975/220**

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orden do día.

**25(1138) BASES PARA CUBRIR, CON CARÁCTER INTERINO, DÚAS PRAZAS DE ADMINISTRATIVO DE ADMÓN. XERAL VACANTES NO CADRO DE PERSOAL. EXPTE. 15974/220.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orden do día.

**26(1139) RENUNCIA VOLUNTARIA DE D<sup>a</sup> CARMEN SUSANA ÁLVAREZ ÁLVAREZ A UNHA DAS BOLSAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO VERÁN 2005. EXPTE. 1612/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Turismo e Comercio, do 2.09.05, conformado pola concelleira de dito servizo, que di o seguinte

*Con data 30 de maio a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de adxudicar doce bolsas para a realización de prácticas en oficinas e servizos de información turística para o período 15 de xuño – 15 de outubro de 2005.*

*Entre os/as doce candidatos/as que acadaron maior puntuación e que resultaron seleccionados/as figuraba Dona Carmen Susana Álvarez Álvarez.*

*Con data 2 de setembro de 2005, a adxudicataria da beca, Dona Carmen Susana Álvarez Álvarez, con D.N.I. 36.166.000 - H, presenta a súa renuncia voluntaria, dado que lle foi ofrecido outro posto de traballo.*

*A cláusula octava das bases da convocatoria, aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 18 de abril, establece que “no caso de que, unha vez adxudicadas as bolsas de estudos, xurdisen renuncias, adxudicáraselle automaticamente a axuda ó/a seguinte aspirante en puntuación, procedéndose do mesmo xeito en renuncias sucesivas”.*

*Dado que en tres ocasións anteriores xa se fixo uso da lista de suplentes, o posto queda vacante por non existir máis suplentes.*

*Por todo o antedito, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:*

- 1.- Dar conta da renuncia voluntaria presentada por Dona Carmen Susana Álvarez Álvarez, con D.N.I. 36.166.000 - H, á beca de formación en prácticas da Concellería de Turismo o día 2 de setembro de 2005.*
- 2.- Dar conta de que o posto queda vacante por non existir máis titulares na lista de suplentes.*
- 3.- Dar traslado deste acordo á Intervención Xeral e á Tesourería Municipal ós efectos oportunos.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- Quedar enterada da renuncia voluntaria presentada por Dona Carmen Susana Álvarez Álvarez, con D.N.I. 36.166.000 - H, á beca de formación en prácticas da Concellería de Turismo o día 2 de setembro de 2005.

2º.- Quedar enterada de que o posto queda vacante por non existir máis titulares na lista de suplentes.

3º.- Dar traslado deste acordo á Intervención Xeral e á Tesourería Municipal ós efectos oportunos.

### **27(1140) PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AS ASOCIACIÓNS DE COMERCIANTES DO PRÍNCIPE, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DA RENOVACIÓN ESTÉTICA DAS RÚAS COMERCIAIS. EXPTE. 1690/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.09.05, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Turismo e Comercio, do 7.09.05, conformado pola concelleira-delegada de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, entre a Concellería de Turismo e Comercio e a Asociación de Comerciantes da rúa Príncipe, en virtude do que a devandita asociación aboará ó Concello de Vigo a cantidade de 3.586,50 euros en concepto de contribución para o financiamento do proxecto de renovación estética das rúas comerciais, que executará o Concello de Vigo con subvencións da Consellería de Innovación, Industria e Comercio.

2º.- Aprobar, ó abeiro do disposto no artigo 210 c) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que a licitación do devandito proxecto se realice mediante procedemento negociado sen publicidade ou contrato menor se procedese por razón de contía, dado que a Consellería de Industria exige que a obra/investimento deberá realizarse e xustificarse antes do 15 de outubro de 2005.

### *CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONCELLERIA DE COMERCIO E A ASOCIACION DE COMERCIANTES DE PRÍNCIPE*

#### *REUNIDOS*

*Dunha parte, Dona Lucía Molares Pérez, Concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio, facultada por Decreto de Delegación de competencias da Alcaldía de 2 de xaneiro de 2004, e acordo da Xunta de Goberno Local, de 5 de xaneiro de 2004.*

*Doutra, D. Candido Rial Covelo, Presidente da Asociación de Comerciantes de Príncipe, con enderezo na rúa Príncipe, 51 de Vigo e con CIF: G-36.636.942*

*MANIFESTAN*

*Que en virtude da Orde do 18 de febreiro de 2005, publicada no Diario Oficial de Galicia o 2 de marzo do mesmo ano, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a corporacións locais para actividades de fomento ó investimento en mercados retallistas e zonas peonís-comerciais, a Concellería de Turismo e Comercio e maila Asociación de Comerciantes de Príncipe, decidiron acollerse a estas axudas para acometer un proxecto de renovación estética de zonas comerciais, incluído no Plan de Dinamización Comercial da Concellería de Comercio.*

*Que o pasado día 15 de xullo foi remitido ó Departamento de Turismo e Comercio escrito da Consellería de Industria, a través da súa delegación provincial, con data de entrada no Rexistro Xeral de 1 de agosto de 2005, no que se comunica a este Concello a concesión dunha subvención por unha contía total de 11.955 € para a realización do proxecto de renovación estética nas rúas comerciais no ámbito de influencia da devandita asociación, correspondente ó 50% do total do investimento programado.*

*Por todo o antedito, a Concellería de Comercio do Concello de Vigo e maila Asociación de Comerciantes de Príncipe, conveñen as seguintes*

#### *CLAUSULAS*

*PRIMEIRA.- Que en virtude da Orde da Consellería de Industria, de data 18 de febreiro de 2005, a Concellería de Comercio presentou proxecto de renovación estética de zonas comerciais, para proceder á decoración urbana mediante xardiñeiras colgantes das principais rúas comerciais que se insiren no ámbito de influencia da Asociación de Comerciantes de Príncipe.*

*A Consellería resolve conceder unha subvención para o devandito investimento de 11.955 €.*

*SEGUNDA.- Dado que o importe da subvención da Consellería de Industria para este proxecto supón o 50% do investimento total previsto, que ascende a 23.910 euros, a Asociación de Comerciantes de Príncipe comprométese a través deste convenio a asumir unha parte do resto do investimento, para contribuir a cubri-lo 100% do proxecto presupostado.*

*TERCEIRA.- A subvención concedida pola Consellería de Innovación, Industria e Comercio, segundo resolución de data 15 de xullo de 2005, ascende a un total de 11.955 euros.*

*CUARTA.- Segundo o estipulado na cláusula anterior, a Asociación de Comerciantes de Príncipe, comprométese a ingresar nas arcas municipais antes do 1 de outubro de 2005 a cantidade de 3.586,50 euros, en concepto da súa aportación, ó 15 % do total, para cubrir o resto do investimento previsto para o proxecto.*

*QUINTA.- O incumprimento por parte da Asociación de Comerciantes de Príncipe de calquera dos extremos contidos no presente convenio por causas non imputables á Administración, suporá que a devandita Asociación deberá devengar ó Concello os correspondentes xuros de mora da contía antes mencionada.*

*SEXTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a realizar todo o proceso de contratación e adxudicación da obra de referencia, así como a prestar todo tipo de apoio técnico e de asesoramento por parte da Concellería de Comercio.*

*SETIMA.- O Concello de Vigo comprométese, asemade, á colocación e mantemento dos elementos de decoración que se instalen nas rúas (xardiñeiras colgantes).*

*OITAVA.- Os Comerciantes de Príncipe se comprometen, pola súa parte, ó rego, mantemento e reposición das plantas que se coloquen nas xardiñeiras anteditas.*

*E en proba de conformidade, asinan por duplicado e a un só efecto o presente convenio de colaboración no lugar e data indicados,*

**28(1141) PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AS ASOCIACIÓNS DE COMERCIANTES DO CALVARIO, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE RENOVACIÓN ESTÉTICA DAS RÚAS COMERCIAIS. EXPTE. 1691/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.09.05, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Turismo e Comercio, do 7.09.05, conformado pola concelleira-delegada de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, entre a Concellería de Turismo e Comercio e a Asociación de Comerciantes do Calvario, en virtude do que a devantida asociación aboará ao Concello de Vigo a cantidade de 4.275 euros en concepto de contribución para o financiamento do proxecto de renovación estética das rúas comerciais, que executará o Concello de Vigo con subvencións da Consellería de Innovación, Industria e Comercio.

2º.- Aprobar, ao abeiro do disposto no artigo 210 c) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que a licitación do devandito proxecto se realice mediante procedemento negociado sen publicidade ou contrato menor se procedese por razón de contía, dado que a Consellería de Industria exige que a obra/investimento deberá realizarse e xustificarse antes do 31 de outubro de 2005.

**CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONCELLERIA DE COMERCIO E A ASOCIACION DE  
COMERCIANTES DO CALVARIO**

**REUNIDOS**

*Dunha parte, Dona Lucía Molares Pérez, Concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio, facultada por Decreto de Delegación de competencias da Alcaldía de 2 de xaneiro de 2004, e acordo da Xunta de Goberno Local, de 5 de xaneiro de 2004.*

*Doutra, Dona Encarna Álvarez García, Presidenta da Asociación de Comerciantes do Calvario, con enderezo na rúa San Roque, 109 de Vigo e con CIF: G-36.661.536*

#### **MANIFESTAN**

*Que en virtude da Orde do 18 de febreiro de 2005, publicada no Diario Oficial de Galicia o 2 de marzo do mesmo ano, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a corporacións locais para actividades de fomento ó investimento en mercados retallistas e zonas peonís-comerciais, a Concellería de Turismo e Comercio e maila Asociación de Comerciantes do Calvario, decidiron acollerse a estas axudas para acometer un proxecto de renovación estética de zonas comerciais, incluído no Plan de Dinamización Comercial da Concellería de Comercio.*

*Que o pasado día 15 de xullo foi remitido ó Departamento de Turismo e Comercio escrito da Consellería de Industria, a través da súa delegación provincial, con data de entrada no Rexistro Xeral de 1 de agosto de 2005, no que se comunica a este Concello a concesión dunha subvención por unha contía total de 14.250 € para a realización do proxecto de renovación estética nas rúas comerciais no ámbito de influencia da devandita asociación, correspondente ó 50% do total do investimento programado.*

*Por todo o antedito, a Concellería de Comercio do Concello de Vigo e maila Asociación de Comerciantes do Calvario, conveñen as seguintes*

#### **CLAUSULAS**

*PRIMEIRA.- Que en virtude da Orde da Consellería de Industria, de data 18 de febreiro de 2005, a Concellería de Comercio presentou proxecto de renovación estética de zonas comerciais, para proceder á decoración urbana mediante xardiñeiras colgantes das principais rúas comerciais que se insiren no ámbito de influencia da Asociación de Comerciantes do Calvario.*

*A Consellería resolve conceder unha subvención para o devandito investimento de 14.250 €.*

*SEGUNDA.- Dado que o importe da subvención da Consellería de Industria para este proxecto supón o 50% do investimento total previsto, que ascende a 28.500 euros, a Asociación de Comerciantes do Calvario comprométese a través deste convenio a asumir unha parte do resto do investimento, para contribuir a cubri-lo 100% do proxecto presupostado.*

*TERCEIRA.- A subvención concedida pola Consellería de Innovación, Industria e Comercio, segundo resolución de data 15 de xullo de 2005, ascende a un total de 14.250 euros.*

*CUARTA.- Segundo o estipulado na cláusula anterior, a Asociación de Comerciantes do Calvario, comprométese a ingresar nas arcas municipais antes do 15 de novembro de 2005 a cantidade de 4.275 euros, en concepto da súa aportación, ó 15 % do total, para cubrir o resto do investimento previsto para o proxecto.*

*QUINTA.- O incumprimento por parte da Asociación de Comerciantes do Calvario de calquera dos extremos contidos no presente convenio por causas non imputables á Administración, suporá que a devandita Asociación deberá devengar ó Concello os correspondentes xuros de mora da contía antes mencionada.*

*SEXTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a realizar todo o proceso de contratación e adxudicación da obra de referencia, así como a prestar todo tipo de apoio técnico e de asesoramento por parte da Concellería de Comercio.*

*SETIMA.- O Concello de Vigo comprométese, asemade, á colocación e mantemento dos elementos de decoración que se instalen nas rúas (xardiñeiras colgantes).*

*OITAVA.- Os Comerciantes do Calvario se comprometen, pola súa parte, ó rego, mantemento e reposición das plantas que se coloquen nas xardiñeiras anteditas.*

*E en proba de conformidade, asinan por duplicado e a un só efecto o presente convenio de colaboración no lugar e data indicados,*

**29(1142) PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AS ASOCIACIÓNS DE COMERCIANTES DA ZONA CENTRO PARA O FINANCIAMENTO DA RENOVACIÓN ESTÉTICA DAS RÚAS COMERCIAIS. EXPTE. 1692/104 .**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.09.05, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Turismo e Comercio, do 7.09.05, conformado pola concelleira-delegada de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, entre a Concellería de Turismo e Comercio e a Asociación de Comerciantes Zona Centro, en virtude do que a devantida asociación aboará ó Concello de Vigo a cantidade de 2.571,43 euros en concepto de contribución para o financiamento do proxecto de renovación estética das rúas comerciais, que executará o Concello de Vigo con subvencións da Consellería de Innovación, Industria e Comercio.

2º.- Aprobar, ao abeiro do disposto no artigo 210 c) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que a licitación do devandito proxecto se realice mediante procedemento negociado sen publicidade ou contrato menor se procedese por razón de contía, dado que a Consellería de Industria exige que a obra/investimento deberá realizarse e xustificarse antes do 31 de outubro de 2005.

**CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONCELLERIA DE COMERCIO E A ASOCIACION DE  
COMERCIANTES ZONA CENTRO**

**REUNIDOS**

*Dunha parte, Dona Lucía Molares Pérez, Concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio, facultada por Decreto de Delegación de competencias da Alcaldía de 2 de xaneiro de 2004, e acordo da Xunta de Goberno Local, de 5 de xaneiro de 2004.*

*Doutra, Don Luis Álvarez Montenegro, Presidente da Asociación de Comerciantes Zona Centro, con enderezo na rúa Doctor Cadaval, 21, 2ª pranta, of. 10, de Vigo e con CIF: G.36.887.859*



## MANIFESTAN

Que en virtude da Orde do 18 de febreiro de 2005, publicada no Diario Oficial de Galicia o 2 de marzo do mesmo ano, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a corporacións locais para actividades de fomento ó investimento en mercados retallistas e zonas peonís-comerciais, a Concellería de Turismo e Comercio e maila Asociación de Comerciantes Zona Centro, decidiron acollerse a estas axudas para acometer un proxecto de renovación estética de zonas comerciais, incluído no Plan de Dinamización Comercial da Concellería de Comercio.

Que o pasado día 15 de xullo foi remitido ó Departamento de Turismo e Comercio escrito da Consellería de Industria, a través da súa delegación provincial, con data de entrada no Rexistro Xeral de 1 de agosto de 2005, no que se comunica a este Concello a concesión dunha subvención por unha contía total de 8.571,42 € para a realización do proxecto de renovación estética nas rúas comerciais no ámbito de influencia da devandita asociación, correspondente ó 50% do total do investimento programado.

Por todo o antedito, a Concellería de Comercio do Concello de Vigo e maila Asociación de Comerciantes Zona Centro, conveñen as seguintes

## CLAUSULAS

*PRIMEIRA.-* Que en virtude da Orde da Consellería de Industria, de data 18 de febreiro de 2005, a Concellería de Comercio presentou proxecto de renovación estética de zonas comerciais, para proceder á decoración urbana mediante xardiñeiras colgantes das principais rúas comerciais que se insiren no ámbito de influencia da Asociación de Comerciantes Zona Centro.

A Consellería resolve conceder unha subvención para o devandito investimento de 8.571,42 €.

*SEGUNDA.-* Dado que o importe da subvención da Consellería de Industria para este proxecto supón o 50% do investimento total previsto, que ascende a 17.142,85 euros, a Asociación de Comerciantes Zona Centro comprométese a través deste convenio a asumir unha parte do resto do investimento, para contribuir a cubri-lo 100% do proxecto presupostado.

*TERCEIRA.-* A subvención concedida pola Consellería de Innovación, Industria e Comercio, segundo resolución de data 15 de xullo de 2005, ascende a un total de 8.571,42 euros.

*CUARTA.-* Segundo o estipulado na cláusula anterior, a Asociación de Comerciantes Zona Centro, comprométese a ingresar nas arcas municipais antes do 15 de novembro de 2005 a cantidade de 2.571,43 euros, en concepto da súa aportación, ó 15 % do total, para cubrir o resto do investimento previsto para o proxecto.

*QUINTA.-* O incumprimento por parte da Asociación de Comerciantes Zona Centro de calquera dos extremos contidos no presente convenio por causas non imputables á Administración, suporá que a devandita Asociación deberá devengar ó Concello os correspondentes xuros de mora da contía antes mencionada.

*SEXTA.-* O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a realizar todo o proceso de contratación e adxudicación da obra de referencia, así como a prestar todo tipo de apoio técnico e de asesoramento por parte da Concellería de Comercio.

*SETIMA.-* O Concello de Vigo comprométese, asemade, á colocación e mantemento dos elementos de decoración que se instalen nas rúas (xardiñeiras colgantes).

*OITAVA.- Os Comerciantes Zona Centro se comprometen, pola súa parte, ó rego, mantemento e reposición das plantas que se coloquen nas xardiñeiras anteditas.*

*E en proba de conformidade, asinan por duplicado e a un só efecto o presente convenio de colaboración no lugar e data indicados*

**30(1143) PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AS ASOCIACIÓNS DE COMERCIANTES DO VIGO VELLO PARA O FINANCIAMENTO DA RENOVACIÓN ESTÉTICA DAS RÚAS COMERCIAIS. EXPTE. 1693/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.09.05, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Turismo e Comercio, do 7.09.05, conformado pola concelleira-delegada de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, entre a Concellería de Turismo e Comercio e a Asociación de Comerciantes Vigo Vello, en virtude do que a devantida asociación aboará ó Concello de Vigo a cantidade de 2.571,43 euros en concepto de contribución para o financiamento do proxecto de renovación estética das rúas comerciais, que executará o Concello de Vigo con subvencións da Consellería de Innovación, Industria e Comercio.

2º.- Aprobar, ao abeiro do disposto no artigo 210 c) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que a licitación do devandito proxecto se realice mediante procedemento negociado sen publicidade ou contrato menor se procedese por razón de contía, dado que a Consellería de Industria exige que a obra/investimento deberá realizarse e xustificarse antes do 31 de outubro de 2005.

*CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONCELLERIA DE COMERCIO E A ASOCIACION DE  
COMERCIANTES VIGO VELLO*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, Dona Lucía Molares Pérez, Concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio, facultada por Decreto de Delegación de competencias da Alcaldía de 2 de xaneiro de 2004, e acordo da Xunta de Goberno Local, de 5 de xaneiro de 2004.*

*Doutra, Dona Milagros Rodríguez Fernández, Presidenta da Asociación de Comerciantes Vigo Vello, con enderezo na rúa Oliva, 12 de Vigo e con CIF: G.36.909.232*

*MANIFESTAN*

*Que en virtude da Orde do 18 de febreiro de 2005, publicada no Diario Oficial de Galicia o 2 de marzo do mesmo ano, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a corporacións locais para actividades de fomento ó investimento en mercados retallistas e zonas peonís-comerciais, a Concellería de Turismo e Comercio e maila Asociación de Comerciantes Vigo Vello, decidiron acollerse a estas axudas para acometer un proxecto de renovación estética de zonas comerciais, incluído no Plan de Dinamización Comercial da Concellería de Comercio.*

*Que o pasado día 15 de xullo foi remitido ó Departamento de Turismo e Comercio escrito da Consellería de Industria, a través da súa delegación provincial, con data de entrada no Rexistro Xeral de 1 de agosto de 2005, no que se comunica a este Concello a concesión dunha subvención por unha contía total de 8.571,42 € para a realización do proxecto de renovación estética nas rúas comerciais no ámbito de influencia da devandita asociación, correspondente ó 50% do total do investimento programado.*

*Por todo o antedito, a Concellería de Comercio do Concello de Vigo e maila Asociación de Comerciantes Vigo Vello, conveñen as seguintes*

#### CLAUSULAS

*PRIMEIRA.- Que en virtude da Orde da Consellería de Industria, de data 18 de febreiro de 2005, a Concellería de Comercio presentou proxecto de renovación estética de zonas comerciais, para proceder á decoración urbana mediante xardiñeiras colgantes das principais rúas comerciais que se insiren no ámbito de influencia da Asociación de Comerciantes Vigo Vello.*

*A Consellería resolve conceder unha subvención para o devandito investimento de 8.571,42 €.*

*SEGUNDA.- Dado que o importe da subvención da Consellería de Industria para este proxecto supón o 50% do investimento total previsto, que ascende a 17.142,85 euros, a Asociación de Comerciantes Vigo Vello comprométese a través deste convenio a asumir unha parte do resto do investimento, para contribuir a cubri-lo 100% do proxecto presupostado.*

*TERCEIRA.- A subvención concedida pola Consellería de Innovación, Industria e Comercio, segundo resolución de data 15 de xullo de 2005, ascende a un total de 8.571,42 euros.*

*CUARTA.- Segundo o estipulado na cláusula anterior, a Asociación de Comerciantes Vigo Vello, comprométese a ingresar nas arcas municipais antes do 15 de novembro de 2005 a cantidade de 2.571,43 euros, en concepto da súa aportación, ó 15 % do total, para cubrir o resto do investimento previsto para o proxecto.*

*QUINTA.- O incumprimento por parte da Asociación de Comerciantes Vigo Vello de calquera dos extremos contidos no presente convenio por causas non imputables á Administración, suporá que a devandita Asociación deberá devengar ó Concello os correspondentes xuros de mora da contía antes mencionada.*

*SEXTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a realizar todo o proceso de contratación e adxudicación da obra de referencia, así como a prestar todo tipo de apoio técnico e de asesoramento por parte da Concellería de Comercio.*

*SETIMA.- O Concello de Vigo comprométese, asemade, á colocación e mantemento dos elementos de decoración que se instalen nas rúas (xardiñeiras colgantes).*

*OITAVA.- Os Comerciantes Vigo Vello se comprometen, pola súa parte, ó rego, mantemento e reposición das plantas que se coloquen nas xardiñeiras anteditas.*

*E en proba de conformidade, asinan por duplicado e a un só efecto o presente convenio de colaboración no lugar e data indicados,*

**31(1144) REVISIÓN DE OFICIO DE ACORDO DO CONSELLO DA XERENCIA SOBRE RECOÑECIMENTO DO DEREITO DE EQUIDISTRIBUCIÓN DE CARGAS POLA URBANIZACIÓN DA RÚA GÁNDARA-HOXE DOCTOR JOSÉ MATO. EXPTE. 4584/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 19.08.05, que di o seguinte:

*O Pleno da Corporación, na súa sesión de 15 de outubro de 1991, deu aprobación ó proxecto de urbanización da Rúa Gándara, indicando que os promotores solicitantes deberían prestar garantía do exacto cumprimento dos compromisos adquiridos, por importe de 11.565.250 pts. e que coa primeira das licenzas de edificación que se conceda, con fronte ó vial en proxecto, deberán executarse a totalidade das obras de urbanización no prazo fixado.*

*Na sesión da Comisión de Goberno de 31 de outubro de 1991 (rectificado por outro de 30 de abril do ano 1992), acordouse a concesión de licenza (6491/421) a don Jose Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz para a construción dun edificio na rúa Gándara.*

*O 29 de abril de 1996 a Comisión de Goberno aprobou a recepción das obras de apertura e urbanización da rúa Doctor José Mato (antes Gándara), sector da Florida, tramo entre Florida e Fragoso (expte. 20138/250).*

*O 29 de abril de 1997 don José Piñeiro Orosa actuando en nome propio e en representación de don Máximo González Paz presenta escrito no Rexistro da Xerencia interesando que se lle abone ou repercuta ós propietarios das fincas conlindantes coa rúa Gándara (hoxe "Rúa José Mato"), as cantidades satisfeitas (20.219.950 ptas) para a execución do proxecto de apertura e urbanización da mencionada rúa.*

*O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión de 19 de decembro de 1997 acordou o seguinte: "Primeiro.- Recoñecer a D. José Piñeiro Orosa e D. Máximo González Paz o dereito á equidistribución de cargas pola execución ás súas soas expensas, da urbanización da rúa Gándara -hoxe Doctor José Mato- o que o seu custe total ascendeu á suma de 20.219.950 pts. Segundo.- Que polos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo se proceda, cos documentos aportados por D. José Piñeiro Orosa e D. Máximo González Paz, a redacta-lo correspondente expediente de reparcelación económica e normalización de fincas, para distribuí-la suma de 20.219.950 pts. entre os propietarios de terreos ós que a obra de urbanización outorgou a condición xurídica de <terreo edificable>, coa observación de que dita suma correrá únicamente de conta dos devanditos propietarios, o Concello non participará en ningún caso."*

*O 25 de novembro de 1998, don José Piñeiro Orosa (no seu nome e en representación don Máximo González Paz), solicita a urxente execución do acordo adoptado pola XMU o 19 de decembro de 1997.*

O mesmo órgano colexiado, o 30 de abril do 99, adoptou o seguinte acordo: "Primeiro.-Desestima-la solicitude presentada coa data 29 de abril de 1997 por don José Piñeiro Orosa actuando en nome propio e ademais en representación de don Máximo González Paz, no Rexistro da Xerencia interesando que se lle aboe ou se repercuta ós propietarios dos predios colindantes coa rúa Gándara, hoxe Rúa Doctor José Mato, proporcionalmente ó seu respectivo fronte a ese vial, as cantidades satisfeitas polo proxecto de execución do proxecto de apertura e urbanización da rúa Gándara no que os gastos ascenderon, ive incluído, á cantidade de 20.219.950 pts, polos motivos establecidos na parte expositiva do presente acordo. Segundo.- Satisfacer a don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz, en concepto de participación nas cargas de urbanización do vial, e con cargo á Xerencia de Urbanismo o importe de 1.907.844 pesetas correspondentes ó prezo xusto fixado polo Xurado Provincial de Expropiacións dos predios 4 e 6 do plano parcelariodo proxecto de urbanización da rúa Gándara, hoxe rúa José Mato."

O anterior acordo foi recurrido por don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (proceso contencioso administrativo nº 02/0004455/1999). O 13 de novembro de 2003, a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dictou sentenza pola que se estima parcialmente o recurso interposto, en concreto, nos seus fundamentos dispónse o seguinte: "...no hay más remedio que reconocer que el mismo viene a dejar sin efecto al primer acuerdo sin haberlo sometido a revisión con arreglo al procedimiento legalmente previsto en el artículo 102 de la Ley 30/92 sin haberlo declarado lesivo conforme el artículo 103 (...) se ha de estimar el recurso, pero solo en parte y por la razón formal dicha de no haber respetado el procedimiento legalmente establecido para dejar sin efecto un acto firme anterior no desfavorable ni de gravamen sin que proceda entrar en el fondo...".

O 21 de xuño de 2004, don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz, presentan novo escrito no que en síntese solicitan a execución do acordo de 19 de decembro de 1997.

O 29 de marzo de 2005, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo: "(...) REVISIÓN DE OFICIO DE ACORDO DO CONSELLO DA XMU DE 19.12.97 SOBRE OBRAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA GÁNDARA.EXPTE. 4584/401 (...) 1. O inicio do procedemento de revisión de oficio do acto dictado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 19 de decembro de 1997, previsto no artigo 102 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, por entender que concurren varios dos supostos previstos no artigo 62 do mesmo texto legal. 2. De acordo co previsto no artigo 84 da Lei 30/92, outorgar a don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz un prazo de audiencia de 15 días, durante o cal poderán alegar e presentar cantos documentos e xustificacións estimen pertinentes. 3. Unha vez completado o anterior trámite, deberase remitir expediente ó Consello Consultivo de Galicia, de acordo co previsto no artigo 102.1 da Lei 30/92 e a Lei 9/95 do Parlamento de Galicia. 4. Requerir a don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz a execución da resolución da Sentencia do TSXG de 13 de novembro de 2003, e consecuentemente, ó reintegro da cantidade de 11.466,37 € aboados en virtude do acordo do Consello da XMU de 30 de abril de 1999, anulado pola devandita resolución xudicial (...)"

Logo da apertura do trámite de audiencia, o 19.05.05 don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz presentan escrito de alegacións.

O 27 de maio de 2005, o técnico en admón. xeral emite o seguinte informe-proposta de resolución: "(...) 1. Acordar a revisión de oficio do acto dictado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 19 de decembro de 1997 e polo tanto declarar a súa nulidade, conforme o previsto no artigo 102 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, por entender que concurren varios supostos dos previstos no artigo 62 do mesmo texto legal. 2. Remitir previamente expediente ó Consello

Consultivo de Galicia, de acordo co previsto no artigo 102.1 da Lei 30/92 e a Lei 9/95 do Parlamento de Galicia. 3. Requerir a don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz a execución da resolución da Sentencia do TSXG de 13 de novembro de 2003, e consecuentemente, ó reintegro da cantidade de 11.466,37 € aboados en virtude do acordo do Consello da XMU de 30 de abril de 1999, anulado pola devandita resolución xudicial (...)"

O mesmo día remítese expediente ó Consello Consultivo para o seu dictame.

O 1 de xuño do presente ano, de acordo co establecido no artigo 42.5 da Lei 30/92, se comunica a don Máximo González Paz e don José Piñeiro Orosa, a remisión do expediente e a consecuente suspensión do prazo legal para a resolución.

O 21 de xullo de 2005, recíbese certificado do acordo do Consello Consultivo de Galicia no que se devolve o expediente o entender que carece da preceptiva proposta de resolución e de documentación que debía constar no expediente.

#### DISPOSICIÓN LEGAIS APLICABLES

1. Constitución española (artigo 33, 149.1.18...).
2. Lei 7/85 (modificada pola Lei 57/03), de 2 de abril, de bases de réxime local e Real decreto legislativo 781/86, pola que se aproban as disposicións vixentes en materia de réxime local.
3. Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime do solo e valoracións.
4. Lei 9/02, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/04.
5. Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. Natureza e contido do acto de recoñecemento do dereito á equidistribución das cargas derivadas da execución de obras de urbanización da "rúa Gándara" (hoxe, rúa "Médico José Mato").- A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso 02/0004455/1999, concluiu que se trataba dun acto declarativo de dereitos e polo tanto toda revisión do mesmo debe acomodarse ó disposto nos artigos 102 e 103 da Lei 30/92. A defensa do Concello no aludido proceso xudicial, baseábase en que se trataba dun acto de inicio de expediente, polo tanto de mero trámite. O argumento foi rexeitado polo TSXG, non obstante, na opinión do informante, é necesario engadir que no caso de ser declarativo de dereitos, o sería a propia Lei e o planeamento urbanístico, pero non o acto administrativo que debe ser unha aplicación da antedita normativa urbanística. A procedencia da realización de operacións de distribución de cargas (e beneficios) de urbanización, derivase da cualificación do solo urbano como non consolidado (en terminoloxía do Texto Refundido da Lei do solo de 1992, solo que precisa a incorporación ó proceso urbanizador e edificatorio, por medio da aprobación do planeamento máis preciso e a súa execución tanto xurídica como económica -artigos 19 e seguintes). A distribución de cargas debe poñerse en todo caso en comparanza cos beneficios obtidos pola execución do planeamento. Polo motivo que sexa, no seu momento se considerou que a parcela tivo a condición de solo urbano consolidado e que unicamente debería de proceder á urbanización para a materialización do aproveitamento correspondente á parcela. Os promotores solicitaron licenza urbanística e a mesma foi outorgada o 31 de outubro de 1991,

coñecendo que para a obtención da mesma se deberían realizar certas obras de urbanización. Destaca especialmente que os promotores se beneficien da consideración ampla de solo urbano consolidado, circunstancia que lle permitiu a construción da edificación, pero en ningún momento se menciona a necesidade de que o resto dos propietarios e a comunidade participen nos beneficios da actuación, tal e como se proclama no artigo 47 da Constitución Española.

2. *Acto que se propone a revisión.- De conformidade co disposto no acordo de incoación e na propia Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 13.11.03, o acordo que se somete a revisión é o dictado polo Consello da XMU de 19 de decembro de 1997 polo que se recoñecía a don Jose Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz o dereito á equidistribución de cargas pola execución das obras de urbanización da rúa Gándara. Polo tanto non se comparte a alegación número segunda do escrito presentado o 19 de maio de 2005, dada a evidencia de que a sentenza do TSXG anula o acordo de 30 de abril de 1999. A resolución xudicial estima que o acto de decembro de 1997 é declarativo de dereitos, polo tanto, precisa para a súa revisión a tramitación do procedemento legalmente establecido para o efecto na Lei 30/92 (artigos 102 e seguintes). En ningún caso a incoación de expediente de revisión do acordo de decembro de 1997, pretende o incumprimento da aludida sentenza, senon pretende acomodar a actuación municipal o contido do fallo nos seus propios termos.*
3. *Concurrencia de supostos previstos no artigo 62.1 da Lei 30/92 no acordo de 19 de decembro de 1997 do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo e argumentos utilizados polos interesados no seu escrito de alegacións de 19 de maio de 2005.- Enténdese que concorren varios supostos dos contemplados no artigo 62.1 da Lei 30/92. Cada un dos supostos son postos en entredito polas alegacións presentadas o 19 de maio de 2005.*
  - *Acto dictado prescindindo total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido (artículo 62.1.e da Lei 30/92).- Da consulta dos documentos incorporados ó expediente, se deduce que foi dictado prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido. O procedemento que derivou no acordo de 19 de decembro de 1997, que se trataba supostamente dun acto declarativo de dereitos pero por el contrario limitativo dos dereitos do resto dos propietarios de terreos, prescindiu de calquer tipo de participación dos mesmos no procedemento. En efecto, o acordo mencionado, supoñe o inicio dun expediente de distribución de cargas da urbanización a iniciativa particular que afecta a varios propietarios de terreos e á vez menoscaba o dereito de defensa dos propietarios que deberían contribuir cos gastos. O vicio ademais de provocar indefensión, omite totalmente o procedemento legalmente establecido pola ordenamento urbanístico vixente. Consideran os alegantes que non concorre o vicio procedimental determinante de nulidade absoluta. Reitérase a apreciación da existencia de vicios no procedemento de tal entidade que impiden entender que o acto administrativo poida ter efectos de calquera tipo e momento, polo tanto determinantes de nulidade absoluta. En efecto, a atribución do dereito a equidistribuírse cos propietarios dunha determinada zona, sen que os mesmos participaran no procedemento administrativo, non é un simple vicio de anulabilidade. Existe xa unha consolidada doutrina que considera en certos procedementos, a omisión do trámite de audiencia implica necesariamente a nulidade radical do acordo. Por exemplo, a STS de 22 de xuño de 2004 (RJ 2004/4111), aprecia que cando se omite o trámite de información pública ou audiencia determina a nulidade radical do acto nos seguintes supostos : "(...) 1º. La jurisprudencia se niega, sistemáticamente, a declarar la nulidad por omisión de información pública, salvo cuando viene impuesta por la legislación específica aplicable, lo que sucede en este caso (así, en SSTs de 29 de noviembre de 1982, 20 de abril de 1985 y 28 de diciembre de 1993) (...) 3º La finalidad del trámite de información pública no se reduce a la posibilidad de formular reclamaciones, sino que se extiende a la presentación de sugerencias, lo que exige conocer todo el voluminoso expediente, que ha de quedar a disposición de quien quiera conocerlo, si bien los vicios formales causan indefensión cuando se impide*

o se obstaculiza la posibilidad de conocer (así, en SSTs de 1 de abril de 1993 y 30 de septiembre de 1998)(...) las consecuencias de la infracción no pueden ser otras que la nulidad absoluta o radical por infracción de uno de los trámites esenciales del procedimiento que equivalen a la categoría de nulidad prevista en el artículo 62.1.e) de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre ( RCL 1992, 2512, 2775 y RCL 1993, 246), por prescindir total y absolutamente del procedimiento establecido, sin que se pueda equiparar su omisión a los vicios de forma que solo dan lugar a la anulabilidad por ocasionar la indefensión, ya que dicho trámite viene configurado expresamente como imperativo e inexcusable por la norma infringida y precisamente por el plazo que se ha considerado adecuado para posibilitar ese debate social y participativo de los ciudadanos(...)". No presente caso, a normativa urbanística (tanto a vixente no momento da adopción do acordo que se pretende revisar, como a actual) esixe que previamente á realización de calquera operación reparcelatoria se lle dea oportunidade ós interesados de alegar o que estimen oportuno. Na orde formal non é o único vicio apreciado. Como quedou exposto no acordo de incoación de 29.03.05, o dereito á equidistribución de cargas ven derivado da previsión nun instrumento de ordenación urbanística ou mesmo pola tramitación dun procedemento sumario que permita a delimitación dun polígono que posibilite unha xusta distribución de cargas e beneficios. Polo tanto, houbo unha ausencia total do procedemento para a declaración feita polo acordo de 19.12.97 e como consecuencia conleva á consideración de que se está en presenza dun vicio de tal entidade susceptible de ser considerado como de nulidade absoluta ante a falla de procedemento. A constancia no expediente de informes previos á adopción do acordo, non modera a consideración de ausencia total de procedemento.

- Acto de contido imposible (artigo 62.1.e da Lei 30/92).-Ao igual que no acordo de incoación apreciase a concurrencia desta causa de nulidade. Afirmar os alegantes que non é procedente acudir á lexislación vixente senón á que era de aplicación á hora da concesión da licenza de obra (acordo da Comisión de Goberno de 1991). En primeiro lugar, o suposto dereito ó reparto de cargas entre os demais propietarios, dada as data que nos encontramos, sería sempre de aplicación a vixente Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural. A propia disposición transitoria primeira (letra b), considera que o solo urbano dos municipios con planeamento xeral non adaptado á Lei 1/97, do solo de Galicia, que reúna as condicións establecidas no artigo 12 da Lei 9/02, seralle de aplicación o previsto para o solo urbano consolidado no antedito texto legal. En conclusión non se pode compartir que o expediente debiera resolverse coa normativa vixente no momento da solicitude. O propio artigo 111.2 da Lei 9/02 encárgase de limitar en solo urbano consolidado a posibilidade de delimitar áreas de reparto ou outro instrumento ou técnica de reparto de beneficios e cargas. O real decreto lexislativo 1/92 (disposición final segunda da Lei 8/90), polo que se aprobou o texto refundido da Lei do solo (afectada case na súa totalidade pola STC 61/97), preveía a adquisición gradual de facultades urbanísticas derivadas do cumprimento dunha serie de obrigas legais ata acadar o dereito a edificar (artigos 23 e seguintes). Con anterioridade á materialización de tal dereito preveíase a realización de certos deberes de cesión e equidistribución de cargas e beneficios en ámbitos ou zonas delimitadas ó efecto. Ó igual que na Lei 1/97 (vixente no momento da adopción do acordo de decembro de 1997), a delimitación de unidades de execución era un presuposto para a execución do planeamento. Incluso (a diferenza co actual marco lexislativo) se prevía a posibilidade de realizar operacións reparcelatorias en solo urbano consolidado, por medio das denominadas actuacións asistemáticas (artigo 185), sen prexuízo da delimitación de unidades de execución discontinuas (artigo 144.2). A finalidade das unidades de execución é dobre: a urbanización e a equidistribución, sendo a través desta última onde se materializan os deberes de cesión obrigatoria e gratuíta á Administración. No acordo de decembro de 1997 (vixente nise momento a Lei 1/97 do solo de Galicia), non se acudiu a ningún mecanismo de equidistribución, simplemente se chegou á



conclusión de que a persoa que executou a urbanización tería dereito a ser compensado polo resto dos propietarios polos gastos derivados da execución daquela. Na lexislación vixente e na anterior, non existen mecanismos de equidistribución de costes de urbanización, sen que correlativamente se repartan os beneficios derivados da actuación. Tampouco se pode concluir que se estaba en presenza dun suposto de reparcelación económica, tal e como establece o derogado artigo 74 do real decreto 3.288/78, por canto non se preveía a redistribución material dos terreos e non se ten constancia no expediente que se dean os supostos legais para acudir a tal especialidade de execución do planeamento. Por tanto, o contido do acordo do Consello da XMU de 17.12.97 é de imposible cumprimento, tanto xurídica como física ou materialmente. A imposibilidade ten carácter orixinario, dende o propio momento en que se dictou o acto e non é derivada dun cambio lexislativo posterior. Así ven respaldada esta postura por numerosa Xurisprudencia, poñendo por exemplo a STS de 19 de maio de 2000 (RJ 2000\4363): "(...) la imposibilidad debe ser, asimismo, originaria ya que una imposibilidad sobrevenida comportaría simple ineficacia del acto. Actos nulos por tener un contenido imposible son, por tanto, los que resultan inadecuados, en forma total y originaria, a la realidad física sobre la que recaen. Son también de contenido imposible los actos que encierran una contradicción interna en sus términos (imposibilidad lógica) por oponerse a leyes físicas inexorables o a lo que racionalmente se considera insuperable. La jurisprudencia ha equiparado en algunos casos la indeterminación, ambigüedad o ininteligibilidad del contenido del acto con la imposibilidad de éste (sentencias de 6 de noviembre de 1981 [RJ 1981, 4755] y 9 de mayo de 1985 [RJ 1985, 2909]) (...)". Por outra parte, se comparte cos alegantes que non é preciso abordar neste momento se concurrían ou non os supostos previstos para a diferenciación dun solo diferente ó urbano consolidado e se esta categoría nace tra-la aprobación da Lei 6/98. Non obstante, con independencia do anterior, semella que o reclamante se beneficiou dunha consideración xenerosa da súa parcela como urbano e a adquisición do dereito a edificar de xeito directo.

- Acto polo que se adquiren dereitos ou facultades cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición (artigo 62.1f da Lei 30/92). Esta causa de nulidade non é posta en dúbida polos alegantes. Como quedou exposto con anterioridade, no momento da concesión da licenza de obra (ano 91), condicionábase expresamente á execución simultánea de certas obras de urbanización. En ningún caso se aludiu a que as mesmas excedían das propias para que a parcela alcanzase a condición de solar. Foi nun momento posterior (6 anos despois da concesión da licenza), cando reclamou unha compensación económica polas obras realizadas, unha vez obtida a licenza de obra e de primeira ocupación. Como quedou analizado con anterioridade, non procede recoñecer dereito á equidistribución dos costes de urbanización sen que simultaneamente se realizase unha distribución dos beneficios derivados da actuación urbanística. En todo caso, a equidistribución é anterior a fase de execución material das obras de urbanización. Na apreciación desta causa de nulidade, o Consello de Estado (doutrina recollida polo Consello Consultivo de Galicia) insiste nunha interpretación restrictiva: "(...) non cabería entender que a simple infracción do ordenamento xurídico poida configurarse como suposto de nulidade absoluta por falta de requisito esencial do acto en cuestión senón de anulabilidade, do mesmo modo que respecto dos vicios de forma en que puidera incorrer. O feito que determina a nulidade prevista no citado artigo 62 f é a falta comprobada dun requisito esencial para a produción do acto (...) -dictame número 591/95 do 25.05.95-". Seguindo a Doutrina do Consello Consultivo o vicio observado é estrutural, que afecta directamente a varios elementos do acto administrativo dictado, en concreto o obxecto e a súa finalidade. O acto supoñe unha evidente creba dos principios básicos no dereito urbanístico, como é o de reparto equitativo de beneficios e cargas, igualdade, seguridade xurídica etc... En conclusión, quedou posto de manifesto que tanto no

*momento da concesión da licenza como con posterioridade, non ten dereito a ser resarcido polos gastos da urbanización co resto dos propietarios*

4. *Procedemento para a declaración de nulidade dun acto administrativo.- O artigo 102 da Lei 30/92, determina que as Administracións poderán proceder á revisión de actos administrativos nos que concorran un suposto de nulidade de pleno dereito contida no artigo 62.1 do mesmo texto legal. En todo caso precisa dictamen favorable do Consello Consultivo de Galicia e con carácter previo, audiencia ós interesados. O prazo para a resolución do expediente é de 3 meses. O mesmo quedará suspendido no momento que se solicite informe ou dictamen ó Consello Consultivo de Galicia, tal e como establece o artigo 42.5.c da Lei 30/92.*
5. *Declaración de caducidade do procedemento iniciado por acordo da XGL de 29.03.05 e adopción dun novo.- Dada a imposibilidade de resolver en prazo, debido á devolución do expediente por parte do Consello Consultivo de Galicia, é preciso a previa declaración de caducidade do expediente da mesma natureza incoado o 29.03.05 (artigo 92 Lei 30/92). Non obstante, de acordo co principio de conservación dos actos e trámites, as alegacións recibidas no expediente que se declara caducado se entenden por presentadas, sen prexuízo do outorgamento dun novo prazo de audiencia.*
6. *Consecuencias da execución da Sentencia e da declaración de nulidade do acto administrativo dictado pola Consello da XMU de 30 de abril de 1999.- No punto 2º da parte dispositiva do acordo de 30 de abril de 1999 do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, acordouse o aboamento a don José Piñeiro Orosa e a don Máximo González Paz, a cantidade de 1.907.844 ptas correspondentes o prezo xusto fixado polo Xurado Provincial de Expropiacións dos predios 4 e 6 do plano parcelario do proxecto de urbanización da Rúa Gándara. A citada cantidade foi abonada por transferencia bancaria o 27 de xullo de 1999. A resolución da sala do contencioso-administrativo do TSXG de 13 de novembro de 2003, estima parcialmente a demanda dos recurrentes, non obstante, anula a totalidade do acordo dictado polo Consello da XMU o 19 de decembro de 1999. Polo tanto, procede o inicio de expediente de reintegro da cantidade de 11.466,37 € (1.907.844 ptas), dada a anulación do acordo de 30 de abril de 1999 e consecuentemente os beneficiarios carecen de título para facer súa a citada cantidade. Por outra parte, no curso do procedemento previo á declaración de nulidade, se concorren as circunstancias previstas nos artigos 139.2 e 141 da Lei 30/92, poderá recoñecer ós interesados o dereito a percibir a indemnización que corresponda.*
7. *Órgano competente para a adopción do acordo de incoación e resolución do expediente.- Dada a redacción do artigo 127.1.k da Lei 7/85, outorga a facultade de revisión dos seus propios actos á Xunta de Goberno Local. Atribúese a este órgano colexiado, pese a que non foi o órgano autor do acordo que se pretende revisar, dada a carencia de facultades resolutorias na función revisora do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo.*

*Polo tanto, procede a formulación da seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

1. *Declarar a caducidade do expediente de revisión de oficio incoado por acordo da Xunta de Goberno Local de 29.03.05, por transcorrer o prazo legalmente establecido para a resolución do expediente, entendendo por presentadas as alegacións formuladas polos interesados o 19.05.05.*
2. *O inicio de novo procedemento de revisión de oficio do acto dictado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 19 de decembro de 1997, previsto no artigo 102 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, por entender que concorren varios supostos dos previstos no artigo 62 do mesmo texto legal.*

3. De acordo co previsto no artigo 84 da Lei 30/92, outorgar a don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz un prazo de auidencia de 15 días, durante o cal poderán alegar e presentar cantos documentos e xustificaci3ns estimen pertinentes.
4. Unha vez completado o anterior trámite, deberase remitir expediente 3 Consello Consultivo de Galicia, de acordo co previsto no artigo 102.1 da Lei 30/92 e a Lei 9/95 do Parlamento de Galicia.
5. Requerir a don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz a execuci3n da resoluci3n da Sentencia do TSXG de 13 de novembro de 2003, e consecuentemente, 3 reintegro da cantidade de 11.466,37 € aboados en virtude do acordo do Consello da XMU de 30 de abril de 1999, anulado pola devandita resoluci3n xudicial.
6. Comunicar que de acordo co previsto no 107 da Lei 30/92, contra o presente acordo non cabe recurso 3 tratarse dun acto de mero trámite. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 42.4 da Lei 30/92, se lle informa 3s interesados que o prazo máximo de resoluci3n do presente expediente 3 de 3 meses (102 Lei 30/92). Transcurrido o prazo para resolver, producirase a caducidade do mesmo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **32(1145) APROBACI3N INICIAL DO PROXECTO DE ESTATUTOS E BASES DE ACTUACI3N DA XUNTA DE COMPENSACI3N DO POLI3GONO 3 DO PERI IV-01 SAN ROQUE . EXPTE. 4616/401.**

Examinadas as actuaci3ns do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Adm3n. Xeral do Servizo de Planeamento e Xesti3n da Xerencia de Urbanismo, do 30.08.05, que di o seguinte:

#### FEITOS

1º.- En data 28/06/2004 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente o Plan Especial de Reforma Interior "IV-01 San Roque" (exp. 8159/411). As súas normas e ordenanzas public3ronse no BOP 164, do 25/08/2004.

2º.- No 28/07/2005 o representante da entidade mercantil "Urbis SA" interpuxo na Xerencia de Urbanismo solicitude de tramitaci3n e aprobaci3n dos Estatutos e Bases de Actuaci3n da Xunta de Compensaci3n do polígono 3 do devandito PERI. Achegou con ela o proxecto de Estatutos e Bases e copia de escrituras de propiedade. No 03/08/2005 o arquitecto municipal emitíu un Informe no que entroutos extremos constátase que, de acordo cos datos aportados pola entidade solicitante, 3sta representa o 82,95% da superficie do polígono.

Mediante senllos oficios de datas respectivas 04/08/2005 e 17/08/2005 requiríuselle a "Urbis SA" a rectificaci3n do proxecto de estatutos e a presentaci3n de nova documentaci3n. Ditos requerimentos foron cumprimentados pola interesada mediante dous escritos presentados nesta Administraci3n municipal nos días 11/08/2005 e 24/08/2005.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- O proxecto de estatutos e bases de actuaci3n de referencia axústase ao disposto no art. 116 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenaci3n Urbanística de Galicia (LOUGA) e arts. 166 e ss. RD 3288/1978, do 25 de agosto, de Xesti3n Urbanística (RXU), sen prexuízo do que resulte da informaci3n pública que de seguido se abrirá.

II.- De conformidade co preceptuado no art. 155 LOUGA, trala aprobación inicial do proxecto abrírase un período de información pública por vinte días. Unha vez aprobados definitivamente os Estatutos e Bases, deberá constituírse a Xunta de Compensación no prazo dun mes. Os propietarios do polígono que non se incorporen á Xunta de Compensación poderán ser obxecto de expropiación forzosa (art. 156 LOUGA).

III.- É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, tal e como dispoñe o art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

*PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o proxecto de Estatutos e Bases de Actuación da Xunta de Compensación do Polígono 3 do PERI IV-01 San Roque, promovido pola entidade mercantil "Inmobiliaria Urbis SA" (expte. 4616/401).*

*SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e nun diario dos de maior circulación na provincia. Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ós propietarios e titulares de dereitos reais nese ámbito.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **33(1146) APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN DA UA "POBO GALEGO". EXPTE. 4608/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Barrios Históricos da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 2.09.05, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

*Primeiro.- O Plan especial de edificios, conxuntos e elementos a conservar aprobado aprobado definitivamente polo Concello-Pleno en sesión do 25 de outubro de 1990, delimita dentro do cuarteirón 51 a Unidade de actuación, hoxe polígono, "Pobo Galego" que como tal se recolle no Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia, cos obxectivos de ordenar a zona, crear unha rúa de 12 m. de ancho fronte á fachada do edificio "Simeón", crear unha praza na parte posterior, rúa Doctor Cadaval, crear un aparcadoiro no subsolo e cegar no posible a visión que dende a Porta do Sol ofrecen os edificios de Doctor Cadaval.*

*Segundo.- Posteriormente, o Concello-Pleno o 3 de xullo de 1998, aproba definitivamente unha Modificación puntual do citado Plan especial, expte. 4556.411, acordo que se publica no DOG nº 181 do 17 de decembro de 1998, pola que se altera a delimitación actual, excluindo o cuarteirón abranguido entre Príncipe, Travesía da Aurora e Doctor Cadaval, se modifica o ancho desta última que pasa de 12 a 10 m. de sección, mantendo a aliñación posterior do edificio do Pobo Galego (en situación de ruína), se incrementa a superficie do aparcadoiro previsto en subsolo que acada o límite da Unidade de actuación, con tres plantas e unha superficie total a construír de 3.075 m<sup>2</sup>, e por último se recolle a ordenación do solar definida no Estudio de detalle redactado polos arquitectos d. Enrique*

*Urdiales e d. Martín Colomé, expte. 2053.411, visado polo Colexio profesional o 14 de xullo de 1997, e aprobado inicialmente polo Concello Pleno en sesión do 28 de maio de 1992, acordo que se publica no BOP nº 197 de 9 de outubro de 1992, polo que se considera un único sólido, cunha superficie en planta de 355,60 m<sup>2</sup>, unha edificabilidade sobre rasante de 1.780 m<sup>2</sup>, unha altura de catro plantas e fíxase unha superficie para viais de 1.380 m<sup>2</sup> e para praza 702 m<sup>2</sup>.*

*Terceiro.- O sistema de execución previsto na Modificación puntual do PEEC para desenvolver a Unidade de actuación "Pobo Galego" é o de compensación, sistema substituído ex lege polo sistema de concerto, arts 150 e seguintes da Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, LOUGA, cando tódolos terreos do polígono pertencen a un só propietario.*

*Cuarto.- O Plan xeral de ordenación municipal inicialmente aprobado polo Concello-Pleno en sesión do 30 de decembro de 2004, e publicado no DOG o 14 de febreiro de 2005, remite ó ámbito do Plan especial ó Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Ensanche. De conformidade co previsto no art. 9.2.2 das Normas urbanísticas do citado Plan xeral, transitoriamente, en tanto non se desenvolva o Plan especial do Ensanche, será de aplicación a ordenanza 2 de Conservación e Protección ambiental.*

*Nesta Zona, os espazos que o PEEC calificara como Unidades de actuación deben desenvolverse nos termos fixado por dito Plan especial, con independencia da categoría de solo urbano que lles corresponda por aplicación do Lei 9/2002 e o réxime transitorio que proceda.*

*Xa que logo, a Unidade de actuación "Pobo Galego" debe desenvolverse nos termos previstos no Plan especial de edificios a conservar.*

*Quinto.- O 14 de xuño de 2005, a representante do Colexio de arquitectos de Galicia presentou nesta Administración municipal o proxecto de equidistribución da Unidade de actuación formalizado na escritura pública nº 898 do 26 de maio de 2005 do protocolo do notario d. José Piñeiro Prieto, subsanada a instancias da arquitecta municipal e da técnica de admon. Xeral en canto á superficie real do ámbito indicada en planos, adxudicación do 10% do aproveitamento municipal, e corrección de erros.*

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

*I.- As parcelas incluídas dentro do polígono "Pobo Galego", pertencen a un único propietario, segundo se deduce da escritura pública outorgada o 11 de agosto de 2004 ante o notario d. José Luis Lorenzo Areán, nº 1.511 do seu protocolo, inscritas no Rexistro da propiedade segundo inscricións 13ª e 6ª das fincas 8.038 e 8.141, ós folios 26 e 20 volto do tomo 1.334 de Vigo.*

*Nos arts. 150 e ss. LOUGA estableceuse un sistema de xestión específico e simplificado para os polígonos dun único propietario, denominado "sistema de concerto".*

*Por outra banda, suprimíuse o procedemento abreviado de "propietario único" no sistema de compensación, antes regulado no art. 133.1 'in fine' LSG-97.*

*Quere elo dicir que coa nova lexislación, a aprobación do proxecto de compensación esixe en todo caso da previa constitución de Xunta de Compensación, aínda na hipótese de que o polígono pertencese a un único propietario ou a varios con unánime consenso (art. 154 LOUGA).*

Neste suposto, resulta recomendabel a incoación dun procedemento de cambio de sistema, de compensación a concerto. Elo permitiría aproba-lo proxecto de equidistribución do propietario único do polígono dun xeito máis áxil e sinxelo.

II.- O proxecto de equidistribución define, segundo planeamento citado nos Antecedentes da presente proposta de resolución, as fincas resultantes:

-Número uno: correspóndese co sólido capaz, de forma irregular, dunha superficie de trescentos cincuenta e cinco metros con sesenta centímetros cadrados, adxudícase en proindiviso ó COAG e ó Concello de Vigo, nas correspondentes proporcións do 90% e 10% respectivamente. Ten unha edificabilidade de 1.780 m<sup>2</sup> sobre rasante e trescentos cincuenta e cinco metros con sesenta centímetros cadrados baixo rasante.

-Número dous: praza , espazo libre de uso público, de forma poligonal, cunha superficie de seiscentos cincuenta e un metros con dezaioito centímetros cadrados. O subsolo formará parte dun aparcadoiro. Adxudícase ó Concello de Vigo.

-Número tres: composta de tres fragmentos de viairo que completan as aliñacións previstas no planeamento. Adxudícase ó Concello de Vigo.

III.- O procedemento de modificación do sistema de actuación regúlase no art. 127.2 LOUGA, requirindo dunha aprobación inicial pola Xunta de Goberno Local, información pública por 20 días con publicación de anuncio no BOP e aprobación definitiva pola Xunta de Goberno.

Do mesmo xeito, a tramitación do proxecto de equidistribución establécese no art. 153.1 LOUGA, no que se dispón que:

"A proposta de equidistribución formulada polos propietarios afectados e formalizada en escritura pública será sometida a información pública durante vinte días mediante anuncio publicado no BOP e obxecto de informe polos servizos municipais correspondentes, e seralle elevada ao municipio para que se pronuncie sobre a aprobación definitiva".

IV.- Resulta posible acumula-lo procedemento de modificación do sistema de actuación co de aprobación do proxecto de equidistribución, tal e como preceptúa o art. 73 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXA-PAC). Consecuentemente, pode abrirse un único trámite de información pública común para ambos procedementos.

V.- É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, consonte co disposto no art. 127.d) Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL), modificada por Lei 57/2003.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Acumular o procedemento de cambio de sistema de compensación a concerto da UA "Pobo Galego" co de aprobación do seu proxecto de equidistribución (expte. 4608/401).

**SEGUNDO:** Aprobar inicialmente o cambio de sistema de compensación a concerto da UA "Pobo Galego" .

*TERCEIRO: Abrir un trámite conxunto de información pública en ambos procedementos acumulados (cambio de sistema de actuación e proxecto de equidistribución) polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.*

*CUARTO: Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ós interesados, coa advertencia de que contra o mesmo non cabe interpor ningún recurso, por tratarse dun acto de mero trámite.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **34(1147) DEVOLUCIÓN DE AVAL DE COVSA S.A. CONSTITUÍDA PARA RESPONDER DA SUBMINISTRACIÓN DE AGLOMERADO D-12. EXPTE.46077/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Negociado de Vías e Obras, do 6.09.05, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

*Con data 14/02/2001, constitúese aval pola empresa COVSA S.A., para responder do suministro de aglomerado D-12, aprobado pola Comisión de Goberno en data 30/09/2000.*

*En data 22/07/2005, unha vez transcurrido o prazo de garantía, pola empresa COVSA S.A. solicita a devolución de la fianza reseñada.*

*O Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, en data 1 de setembro de 2005, informa favorablemente a devolución do aval solicitado, dado que a totalidade do suministro efectuouse con normalidade.*

*Polo que PROPONSE:*

*Proceder á devolución da fianza de 8.894,98 Euros , a COVSA S.A.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de 8.894,98 Euros , a COVSA S.A.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

**35(1148) EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR CONCURSO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO CHALET ATALAIA COMO CENTRO DE DÍA ASISTIDO. EXPTE. 12758/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o proxecto para a contratación das obras de acondicionamento do chalet Atalaia como centro de día asistido, redactado polo arquitecto D. Juan Lis Piñeiro Ferradas, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, asinado polo xefe de negociado de Contratación, do 6.09.05; visto o informe xurídico de 5.09.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 24.08.05, conformado pola delegada de Benestar Social e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de execución das obras de acondicionamento do chalet Atalaia como centro de día asistido redactado polo Arquitecto D. Juan Luis Piñeiro Ferradas .

2º.- Autorizar o gasto de 390.000 euros para a execución do proxecto de acondicionamento do chalet Atalaia como centro de día que estan consignados na partida 3130.632.00.00, dos que 150.000 euros corresponderán o presuposto do ano 2005 e 240.000 euros o presuposto do ano 2006.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas para a contratación por concurso aberto das obras de acondicionamento do chalet Atalaia como centro de día asistido.

4º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**36(1149) ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA ALAMEDA NA RÚA CANARIO. EXPTE. 3079/446.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación do 5.09.05, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:



Adxudicar a Simco S.L. o concurso para a execución das obras de construción de alameda na rúa Canario por un importe de 52.970,78 € e un prazo de garantía de 5 anos. Todo iso de acordo co proxecto e prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno local de 25.04.04 e a oferta presentada.

**37(1150).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás trece horas e vintecinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.